XUNTA DE GALICIA

PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR

CURSO 2024-2025

PRAZO DE SOLICITUDES: 11 de xullo a 10 de agosto de 2026

ORDE do 26 de xuño de 2026. DOG do 10 de xullo de 2026

DESTINATARIAS/OS

Alumnado que finalice os estudos de formación profesional de grao superior no curso 2024-2025 nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia cunha **nota media** no ciclo formativo igual ou superior a **8,5**.

Non pode solicitar o premio o persoal docente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que desenvolvese a súa actividade laboral nos tres anos anteriores ao 1 de setembro de 2026.

CARACTERÍSTICAS

Para a concesión dos premios consideraranse os **méritos** presentados polas persoas candidatas.

Por norma xeral, estes méritos deben estar realizados e obtidos entre o **1 de setembro de 2023** e o **31 de decembro de 2025**.

QUEN PRESENTA A SOLICITUDE?

» **ALUMNADO MAIOR DE 18 ANOS OU MENOR EMANCIPADO**

Ou ben pode actuar por medio dunha persoa que actúe como representante legal designada para este fin. Recoméndase facer a designación de representante empregando o Modelo xenérico para a **representación** dispoñible na Sede electrónica dentro dos Trámites:

Sede electrónica > Trámites > Modelos xenéricos > Representación

A documentación que acredite a representación ten que achegarse, firmada dixitalmente, xunto coa solicitude.

COMO SE PRESENTA A SOLICITUDE?

» **AS SOLICITUDES SÓ PODEN REALIZARSE TELEMATICAMENTE (CHAVE365, DNI ELECTRÓNICO, CERTIFICADO DIXITAL)**

A través da aplicación **PremiosEdu**

https://www.edu.xunta.gal/premiosedu

á que tamén se pode acceder escaneando o **código QR**.

Ou a través do formulario normalizado dispoñible na **Sede Electrónica** (código de procedemento ED311B)

https://sede.xunta.gal

Terase en conta unicamente a última solicitude presentada cos méritos indicados no seu anexo II e debidamente xustificados segundo o anexo V. Non se admitirán melloras da solicitude de novos méritos fóra do prazo de presentación de solicitudes.

DOTACIÓN

Concederase un máximo de **23 premios**, un por cada familia de formación profesional de grao superior implantada na Comunidade Autónoma de Galicia, cunha contía de **1.000 € por premio**.

A contía do premio ten a consideración de **rendementos de traballo** a efectos fiscais e está suxeita ás retencións correspondentes.

MÁIS INFORMACIÓN

Toda a información pódese atopar en:

https://www.edu.xunta.gal/premiosedu

ou no **código QR**.